

INTRODUCCIÓN.

O presente guión non pretende ser un documento de conclusións definitivo sobre as causas dos resultados das pasadas eleccións autonómicas, senón tan só uns apuntamentos para a reflexión e o debate. Apuntamentos que en calquera caso parten da constatación de que os resultados supuxeron un fracaso a respecto dos obxectivos que nos tiñamos fixado, ao producirse unha importante caída nos apoios ao BNG (manténdose a tendencia descendente iniciada nas autonómicas do 2001) e o retorno do PP ao goberno.

En calquera caso, e se queremos que a reflexión e o debate permita extraer conclusións prácticas para a actuación política futura, é importante:

1.- Discernir cais son as causas profundas do resultado electoral doutros aspectos (que aínda que podan ser reveladores de erros do BNG que hai que corrixir) tiveron só un impacto marxinal. Cómpre non esquecer que á hora de valorar os resultados, cando en termos xerais son favorábeis, os erros e limitacións propias tenden a minimizarse e, á inversa, en contextos desfavorábeis, a maximizarse.

2.- Comprender que o acontecido nesta campaña e o resultado final destas eleccións son reveladores, nalgúns aspectos, de problemas complexos que non teñen respostas simples, senón que esixen de nós un esforzo para profundar na análise da sociedade galega de hoxe e nas estratexias e métodos de traballo para incidir nela con máis eficacia.

Lectura errónea da situación.

Non houbo lectura errónea, simplemente non houbo lectura

Debemos admitir que este foi o principal erro de partida non só de cara a afrontar a campaña electoral, senón mesmo desde o inicio da lexislatura, como se a simple “instalación do nacionalismo no poder” e os instrumentos que desta situación se derivaban asegurasen a apertura dun novo e longo ciclo político en Galiza (**infravalorouse a cultura democrática da sociedade galega**). Non percibimos o retorno a unha situación de maioría absoluta do PP como un risco real, até o extremo de entender (ao igual que fixo o PSOE) que o único en xogo nestas eleccións era ter máis peso no futuro bipartito. Infravaloramos ao PP, un partido cunha fortísima implantación en Galiza, e non soubemos ponderar suficientemente os sinais de que estabamos a facer un lectura equivocada da situación:

En 2005 o PP, despois da catástrofe do Prestige, despois de perder o goberno do Estado e presentando ás eleccións un líder enormemente deteriorado, perdeu a maioría absoluta de maneira moi axustada. O cambio ademais veu dado, non tanto polos

resultados do BNG -que sufriu un descenso electoral (sen que ningún asumise responsabilidades)- como polo importante crecemento do PSOE. Un PSOE que despois de desprazar ao PP do goberno do Estado tiña unha imaxe rexenerada a diferenza do deterioro de imaxe que sofre hoxe. (no cambio de goberno tivo unha importancia notable o movemento ecoloxista ó que posteriormente se lle virou as costas: Reganosa, piscifactorías, concurso eólico, canteiras, concentracións parcelarias,...)

Os resultados das municipais e xerais, con non ser negativos en termos globais, amosaban dunha banda que o PP mantiña unha grande fortaleza e que nas cidades (anticipando un cambio de tendencia) o PP estaba en ascenso e o BNG moi debilitado.

Esta situación, da que xa se advertira tras as pasadas xerais, non foi analizada porque, se dixo entón, non era asunto da comarca. Iso derivou en que non se tomase medida algúnha.

Desafección acentuada por unha situación de crise económica e a estratexia do PP e dos poderes mediáticos ao seu servizo.

Xa no documento político aprobado na Asemblea Nacional Extraordinaria celebrada o 4 de outubro de 2008 advertiamos que “para o BNG debe ser prioritario neutralizar o cepticismo existente nalgunhas capas sociais, que pode verse agudizado polo contexto de crise económica. Para acadar os nosos obxectivos cómpre ilusionar e mobilizar (o que compre é convencer e para iso fai falla convicción; para ter convicción fai falla creer nas nas ideas identitarias do partido e defendelas con coherencia. Buscar o voto no centro, nos galegistas, nos castelán-falantes demostra andar algo perdido), e a ilusión e a mobilización, é sempre máis difícil para as forzas políticas cuxa base estrutural descansa en sectores máis críticos e esixentes, que demandan cambios máis profundos”.

Con todo, os resultados evidencian que non fomos capaces de neutralizar este risco:

- Aínda que as causas da crise non sexan atribuíbeis ao Goberno galego, a magnitude da mesma favorece un clima a favor do “cambio” e por tanto un desafecto ao gobernante (as medidas adoptadas foron recibidas pola poboación como fogos de artificio que vía como dende as administracións públicas se daban miles de millóns as empresas mentres aumentaba o paro, a morosidade, a inseguridade,...). Ademais as eleccións galegas convertéronse no primeiro test electoral tras o inicio da fase aguda da crise, máxime por estar presidido o goberno galego polo mesmo partido que goberna no Estado.
- A experiencia histórica demostra que as situacións de crise son máis proclives para o ascenso das alternativas reaccionarias, de “solucións autoritarias” (non se soubo aproveitar, neste contexto de crise do sistema neoliberal, a alternativa que ofrecen as políticas de esquerda: regulación do ámbito privado, empresa pública productiva, servizos sociais, proteccionismo económico,...)

- A ausencia dunha cultura de gobernos de coalición e as diferenzas entre os seus compoñentes contribuíron a instalar a percepción, alimentada ao longo da lexislatura polo PP e os seus aparatos mediáticos, de que a reedición do bipartito non aseguraba un goberno “forte e eficaz” nun contexto de crise. (en lugar de crear uns medios públicos imparciais, dende o primeiro día, permitiuse que a RTV pública se puxese ó servizo do goberno, especialmente do Sr. Touriño. Unha TV manipulada non resulta creíble pola maioría da poboación, menos nunha situación de crise; como tampouco serán creíbles uns medios feitos a medida, a última hora (Xornal, GZNación,...) que só serviron para iniciar unha guerra mediática na que o nacionalismo tiña todas as de perder)
- Para o BNG foi unha preocupación ao longo da lexislatura manter un perfil propio no goberno e singularizar as nosas áreas de responsabilidade para evitar o risco de ser “deglutidos polo PSOE”. Mais con responder este plantexamento a unha necesidade obxectiva, a visualización dun goberno dividido en dúas partes (acentuada polas deslealdades do PSOE) fixo que nun contexto de crise a liña argumental do PP calase socialmente.
- O PP, consciente destas debilidades, deseñou unha estratexia para provocar a desafección (a desafección foi provocada polos propios gobernantes do partido ó alonxarse da masa social que os levou ó poder, ignorando as nosas propostas, a corrección de erros e outras advertencias) e desmobilización entre os votantes potenciais do BNG ou do PSOE co apoio dunha campaña mediática brutal, até o extremo de conseguir situarnos socialmente á defensiva, tendo que dar explicacións, en vez de explicar as nosas propostas (tampouco é certo que se deran tantas explicacións; de feito pasouse a maioría da campaña debatendo sobre un debate que nunca se ía celebrar e chamando a participación dende o primeiro día de campaña. O debate era o que menos lle preocupaba a xente que non pode pagar as súas facturas, a súa hipoteca, a comida dos seus fillos,...). A singularidade dos resultados na provincia de A Coruña é unha clara mostra do impacto que tivo a campaña dalgúns poderes mediáticos. (Reganosa, Corrubedo,... e Paco Rodríguez tamén tiveron algo que ver)
- Con todo é evidente que non fomos capaces de explicar eficazmente o cambio, de construír un relato global que dotase de direccionalidade á acción de goberno nestes catro anos, nin de coidar suficientemente certos xestos para evitar que fosen percibidos como unha perda de compromiso e cercanía aos sectores sociais que constitúen a nosa base tradicional. (desmarcamento da CIG, SLG, GNSV e outros movementos sociais)

Fraxilidade organizativa do nacionalismo e fraxilidade ideolóxica da súa base electoral.
 (Non concordo, a fraxilidade ideolóxica está nos responsables do BNG e demais gobernantes, non na nosa base electoral que se mantivo firme e leal os seus postulados)

Unha vez máis o acontecido na campaña electoral revela este grave problema estrutural. É sintomático como o PP, pese ás súas loitas internas, pese aos escándalos que o salpican, pese aos ataques que recibe desde algunhas fronte mediáticas (**pese a crise do sistema neoliberal**), cando chega a “hora da verdade” móstrase inmune a estas situacións e actúa como unha única voz e á ofensiva para defender os seus obxectivos (**o PP persegue o poder para acadar obxectivos económicos; na esquerda perseguimos outros fins máis idealistas... e iso non vai mudar, polo menos na masa de votantes**).
Fronte a isto é ben distinta a situación no eido do nacionalismo:

- Non fomos capaces de corrixir as nosas debilidades organizativas aproveitando as potencialidades de estarmos no goberno, por un exceso de atomización no funcionamento (déficits na relación goberno- organización e BNG- organizacións sociais) e na definición e defensa de obxectivos comúns. (**Claro que se cambiou a organización do BNG: invertíuse a pirámide, non se escoitou a base, adoctrinábase; os responsables comarcais funcionaban como paráugas das críticas e os que aconsellaban ós dirixentes non eramos nós, a base, senón carguiños ben pagados alleos ó nacionalismo**)
- Os resultados son sintomáticos da fragilidade do asentamento social do nacionalismo: o retroceso do BNG ten a súa causa principal na desafección dos sectores electorais máis críticos e esixentes que á súa vez móstranse claramente vulnerábeis (**será que somos parvos?**) aos ataques que recibe o nacionalismo por impulsar políticas de cambio. (**insisto: quen realmente resultou vulnerable foron os cargos políticos que se renderon ante os eloxios do poder económico e mediático do PP, que buscaban sobrevivir durate esta travesía, para finalmente, chegadas as eleccións, porense de novo o servicio da dereita**) Dito doutro xeito:
 - Ao BNG fíxolle máis dano a falsa percepción instalada polo PP e algúns medios de comunicación de que practicamos políticas de imposición idiomática que o feito de que os avances en materia de normalización lingüística que houbo nesta lexislatura fosen moi cativos. (**a imposición lingüística xamais influiría na perda de votos do nacionalismo; a falla de avances si**)
 - Na percepción nalgúns sectores de que “os do BNG son iguais que os outros” e na desafección que isto conlevou, influíron máis as campañas de desprestixio dalgúns medios (precisamente provocadas por non ter actuado “como os outros”) que aos erros propios sen dúbida cometidos. (**e así foi: o BNG forneceu os poderes económico e mediático do PP [os de sempre], principais beneficiarios deste ano de goberno. Medios como La Región ou La Voz Voz non foron vistos como inimigos mentres se adicaban a promocionar a algúns membros do BNG, aínda que dese paus ó nacionalismo. Tamén houbo, ó igual que co PP, caciquismo, clientelismo, influencias, prevendas, connivencia,... Sexamos serios!**) (**destes temas é mellor no falar que tratar de enganarnos e/ou autoenganarnos**)

Conclusións.

Nos resultados electorais incidiron:

1. *Unha equivocada lectura da realidade política e social da Galiza. Infravaloración do potencial real do PP como corrente ideolóxica, potencial político e capacidade de dirixir e acompañar os ámbitos económicos financeiros e mediáticos do país.*
2. *Non termos sido capaces de implantar en tres anos unha auténtica “cultura de coalición” que contrarrestase a cultura uniformista e autoritaria do PP. A tendencia do PSOE a hexemonizar a acción de goberno e fagocitar ao BNG foi compensada por nós cunha acción tendente a crear espazo propio. Esta estratexia foi coroada con éxito pero deixando uns e outros totalmente baleiro o espazo de consolidación do bipartito como tal. (o que se debería ter implantado é unha verdadeira “democracia participativa” a través da cal a sociedade puidese, non só participar, senón dicidir na vida política galega. O exemplo máis claro foi o fracasado Estatuto de Nación. Un Estatuto xurdido da sociedade, como o catalán, xamais sería rexeitado no parlamento por un partido que quixese gobernar nesta nación) (O PP votou en contra do Estatuto de Nación sen que iso lle supuxese ningún custo social, porque a sociedade tampouco o sentía como seu)*
3. *Unha lectura equivocada sobre a conexión dos instrumentos de poder real co PP. Especialmente nos ámbitos económicos financeiros e mediático.*
4. *A crenza absurda na desideoloxización de boa parte dos votantes do PP (“non son do PP, son do poder”) (seguramente moitos dos votos recibidos polo BNG nestas eleccións foron froito da inercia social do poder, co cal a perda de apoios nacionalistas é moito máis grave do que reflexan as estadísticas). Convencemento do PSOE da posibilidade de alternancia sen cambio. Incapacidade do BNG para “impor” unha nova dinámica que abrise espazos alternativos para o nacionalismo e para o bipartito.*
5. *Non termos feito unha lectura acaída sobre a importancia da nosa acción de goberno e do carácter estratéxico que para o noso proxecto tiña unha prolongada estancia no mesmo (deuse por feito de que se ía estar moito tempo no poder). Incapacidade para valorar na súa xusta medida os cambios transformadores realizados en todos os departamentos e as dificultades reais para executar o noso proxecto con 13 deputados, a metade de conselleiros que o PSOE, sen poder transversal na Xunta, con escasas competencias e peor financiación e sen altavoces sociais para pregoar as nosas medidas. (abandono das redes sociais electrónicas, prensa electrónica e blogs)*
6. *Non termos analizado acaidamente a evolución españolizadora (non concordo: eu diría globalizadora) dunha sociedade cunhas clases medias cada vez máis distanciadas do proceso galeguizador do nacionalismo (clases medias? Onde?*

Entran nesta categoría os que están suxeitos a unha hipoteca para os próximos 30 anos?). Claro avance do proxecto ideolóxico do PP en amplas capas populares e incapacidade do nacionalismo para ler a nova situación, nomeadamente no tema lingüístico.

7. **Unha situación de crise que leva ao cepticismo a respecto da política a milleiros de persoas, que non ven nas alternativas programáticas solucións aos seus problemas e si, en cambio, son proclives a identificar o seu estado de ánimo con proclamas demagóxicas (Quen é o que fai demagogia? Non negemos a realidade. Si houbo despilfarro, si houbo clientelismo, si houbo connivencia cos poderes económico e mediático da dereita... e moitas outras cousas máis) en favor da austeridade do gasto público e na denuncia de supostos despilfarros e custos da “clase política”.**
8. **A debilidade manifesta para facer fronte a unha campaña baseada na mentira (non todo eran mentiras e moitas outras verdades nunca se contaron) e difamación contra o BNG e o seu candidato. A reacción exemplar do corpo militante resultou claramente insuficiente para contrarrestar o dano feito no noso entorno social.**
9. **A elaboración dunhas listas, dende a dirección do partido, que non representan a totalidade do nacionalismo; e máis, a elaboración dunhas listas que só representan a unha minoría do nacionalismo.**
10. **A realización dunha Asemblea Nacional de delegados que obriga as bases a pasar polo filtro dunha Asemblea Comarcal, provocando divisións e disensións internas.**

O CAMIÑO A SEGUIR:

- **Abrir un proceso de reflexión e debate que dea lugar ás reorientacións políticas e ás recomposicións organizativas que decidamos colectivamente, sen deixar por iso de atender outras responsabilidades nin debilitar máis ao BNG. Realizar estudos postelectorais, cuantitativos e cualitativos, para dotármonos de máis datos á hora de profundar nestas análises.**
- **Reconstruír a unidade no BNG desde o respecto á pluralidade (como ata agora?), á unidade de acción e á lealdade (ós principios identitarios do BNG. Non confundir con lealdades persoais a persoas que non son leais estes principios): Unha organización participativa cunha dirección forte, colexiada e corresponsabilizada.**
- **É necesario que se visualice un BNG actuante na sociedade (para comezar non viría mal pedir desculpas a tódolos moventos sociais cívicos, culturais, ecoloxistas, feministas, xuvenis, sindicais, labregos,... por estes anos de abandono). Unha forza comprometida coa xente neste momento de crise. O debate interno é necesario e urxente pero non pode monopolizar a nosa vida política. Esforzarse para pór ao BNG a traballar canto antes.**

- Impedir que o PP consume a súa 2ª vitoria. Derrotado o goberno agora o PP e os seus aliados mediáticos pretenden derrotar a alternativa para moitos anos. Intentan destruír a imaxe de goberno bipartito asociándoa ao caos, falta de liderazgo, incapacidade, despilfarro e ineficacia (iso non lle será difícil facelo. **Ainda resoan hoxe os ecos do fracasado tripartito**). Todo iso cun PSOE empeñado en abonar as teses do PP a ese respecto. Defender a acción de goberno e sobre todo defender a opción do bipartito como alternativa é fundamental para favorecer a alternativa e o cambio no futuro.
- Perfilar un discurso propio de claro contido nacionalista, social e transformador, pero adecuado ao grao de conciencia da sociedade. Se o BNG tivo un erro na apreciación da realidade social do país máis equivocado sería facer caso a sectores ultraminoritarios (quen son estes?) que non só teñen esa mesma lectura equivocada se non que ofrecen como receita máxica converter ao BNG na representación política da marxinalidade. (a misión dun partido político non é representar a unha parte da sociedade, máis ou menos ampla, senón tratar de influir na totalidade da sociedade. Para iso hai que convencer, non ser convencidos. O nacionalismo é unha minoría social, guste ou non guste, e non debe caer no erro de adaptarse a unha sociedade que non é nacionalista. Mais ben o contrario, debe ter como obxectivo transformar a sociedade. De que se falaba dous puntos máis arriba?)
- Resituarse o noso papel na política nacional como referente opoñente ao PP, no plano político-institucional e no plano social. (compre insistir na creación ou fortalecemento dunha identidade propia, NON dunha identidade contra ninguén)
- Redefinir a nosa relación coa sociedade. Nos últimos tres anos fixemos un esforzo moi importante por ampliar a nosa base social. Agora na oposición deberíamos seguir ese camiño e non tirar pola borda todo o traballo feito.
 - Mellorar a interrelación coas organizacións sociais do nacionalismo e tecer obxectivos comúns.
 - Recuperar presenza na base da sociedade: no tecido asociativo e na incidencia a partir de problemas concretos (tamén cos ultraminoritarios?)
 - Revisar estratexias e métodos de traballo nas cidades. Iniciar a preparación das eleccións municipais estudando os cambios que sexan necesarios (referentes, equipas, etc.).
- Cómpre afianzar os gobernos municipais no inmediato futuro, como xeito de facer críbel ante a sociedade unha posíbel alternativa no medio prazo. Neste sentido é preciso asentarse as bases da relación co PSOE no ámbito municipal sobre o principio de lealdade, aceptación e respecto mutuo. Revisar a relación co PSOE na política estatal.

- **Análise de estratexias ante a españolización (globalización) crecente da sociedade, nomeadamente nos ámbitos urbanos. Defensa da normalización da nosa lingua e cultura con criterios pedagóxicos adaptados ao nivel de consciencia social real. Asociar á defensa dun marco referencial galego valores de progreso.**

En Ourense a 17 de marzo de 2009